



## ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL A CORUÑA

*Convocatoria de subvenciones y ayudas públicas*

**Extracto de las resoluciones de 3 y 10 de abril de 2024 de la concejala delegada responsable del Área de Bienestar Social, por la que se convocan becas comedor para el curso escolar 2024/2025 y se modifica la cláusula 8.3 de las bases de la convocatoria**

**BDNS (Identif.): 752512**

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/752512>)

Primero. Beneficiarios.

Podrá ser beneficiario de esta convocatoria el alumnado de los centros escolares en los que se imparta segundo ciclo de educación infantil, primaria, enseñanza secundaria obligatoria, bachillerato y formación profesional, así como de los centros de educación especial sostenidos total o parcialmente con fondos públicos, siempre que estén localizados en el término municipal de A Coruña y estén autorizados por la Consellería competente para la prestación del servicio de comedor escolar.

Segundo. Objeto.

De conformidad con las competencias que atribuye a los ayuntamientos la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las bases del Régimen Local, así como la Ley 13/2008, de 3 de diciembre, de Servicios Sociales de Galicia, es objeto de esta convocatoria regular la concesión de ayudas económicas para el pago del servicio de comedor escolar, en la modalidad presencial de lunes a viernes y durante el periodo lectivo del curso escolar 2024/2025, para el alumnado empadronado en el Ayuntamiento de A Coruña.

Tercero. Bases reguladoras.

Ordenanza General de Subvenciones del Área de Bienestar del Ayuntamiento de A Coruña, aprobada por el Excmo. Ayuntamiento en Pleno, en sesión de fecha 11 de febrero de 2005 (BOP núm. 40) y en lo que sea de aplicación, por la Ley 38/2003 General de Subvenciones, por la Ley 9/2007 de Subvenciones de Galicia y por la normativa reglamentaria que desarrollan estas normas. Resultará también de aplicación la Ley 19/2013, de 9 de diciembre, de Transparencia, Acceso a la Información Pública y Buen Gobierno.

Cuarto. Cuantía

El importe global de la convocatoria 2024-2025 es de 2.100.000,00 euros. De este importe, 630.000,00? se imputan al ejercicio del 2024 y 1.470.000,00?, correspondientes a los meses de diciembre del 2024 y siguientes, se imputarán al presupuesto municipal del 2025. En todo caso, este gasto se imputará a la aplicación presupuestaria 51.231.22723 del presupuesto municipal en vigor de la anualidad que corresponda.

La cuantía de la beca cubrirá la totalidad del coste del servicio del comedor en los centros públicos de segundo ciclo de educación infantil y primaria (CEIP), en los institutos de enseñanza secundaria (IES) y de formación profesional o en los centros de educación especial sostenidos total o parcialmente con fondos públicos (CEE).

La cuantía de la beca será de 80?/mes en los centros privados y/o concertados. Será por cuenta de las personas beneficiarias hacer frente a la diferencia que exista entre la ayuda concedida y el precio del servicio.

Este importe podrá incrementarse hasta 98 €/mes en los siguientes casos:

- A propuesta del personal técnico de los servicios sociales municipales mediante informe que así lo justifique.
- En el caso de personas beneficiarias tuteladas por una institución pública, que se hallen en régimen de acogimiento familiar o menores que formen parte de un programa de inclusión y transición a la vida autónoma de la red municipal de acogida.

Quinto. Plazo de presentación de solicitudes.

El plazo para presentar las solicitudes empezará el día siguiente al día de la publicación de la convocatoria en el Boletín Oficial de la Provincia de A Coruña y finalizará el 8 de mayo de 2024.

Sexto. Otros datos.

Compatibilidad con otras ayudas.

Esta beca es incompatible con cualquier otra ayuda de instituciones públicas o privadas para la misma finalidad salvo con la concedida por el Ministerio de Educación para los menores con necesidades educativas especiales.

Forma de pago.

El pago de la subvención se realizará directamente a la entidad que presta el servicio de comedor escolar en el centro en que la persona beneficiaria se halla matriculado, por expresa delegación del pago efectuada con solicitud de la ayuda para el pago del comedor escolar. El pago delegado al proveedor del servicio en ningún caso supone la existencia de una relación contractual ni cambio alguno en la identidad de la persona beneficiaria y obligada al cumplimiento de esta convocatoria.

A Coruña

10/4/2024

La concejala delegada responsable del Área de Bienestar Social, Eudoxia María Neira Fernández

**Extracto das resolucións de 3 e 10 de abril de 2024 da concelleira delegada responsable da Área de Benestar Social, pola que se convocan as bolsas comedor para o curso escolar 2024/2025 e se modifica a cláusula 8.3 das bases da convocatoria**

**BDNS (Identif.): 752512**

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publíquese o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/752512>)

Primeiro. Beneficiarios.

Poderá ser beneficiario desta convocatoria o alumnado dos centros escolares nos que se imparta segundo ciclo de educación infantil, primaria, ensino secundario obrigatorio, bacharelato e formación profesional, así como dos centros de educación especial sostidos total ou parcialmente con fondos públicos, sempre que estean localizados no termo municipal da Coruña e estean autorizados pola Consellería competente para a prestación do servizo de comedor escolar.

Segundo. Obxecto.

De conformidade coas competencias que atribúe aos concellos a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, así como a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, é obxecto desta convocatoria regular a concesión de axudas económicas para o pago do servizo de comedor escolar, na modalidade presencial de luns a venres e durante o período lectivo do curso escolar 2024/2025, para o alumnado empadroadado no Concello da Coruña.

Terceiro. Bases reguladoras.

Ordenanza Xeral de Subvencións da área de Benestar do Concello da Coruña, aprobada polo Excmo. Concello en Pleno, en sesión de data 11 de febreiro de 2005 (BOP núm. 40) e no que sexa de aplicación, pola Lei 38/2003 Xeneral de Subvencións, pola Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia e pola normativa regulamentaria que desenvolven estas normas. Resultará tamén de aplicación a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Cuarto. Contía

O importe global da convocatoria 2024-2025 é de 2.100.000,00 euros. Deste importe, 630.000,00? impútanse ao exercicio do 2024 e 1.470.000,00?, correspondentes aos meses de decembro do 2024 e seguintes, imputaranse ao orzamento municipal do 2025. En todo caso, este gasto imputarase á aplicación orzamentaria 51.231.22723 do orzamento municipal en vigor da anualidade que corresponda.

A contía da bolsa cubrirá a totalidade do custo do servizo do comedor nos centros públicos de segundo ciclo de educación infantil e primaria (CEIP), nos institutos de ensino secundario (IES) e de formación profesional ou nos centros de educación especial sostidos total ou parcialmente con fondos públicos (CEE).

A contía da bolsa será de 80€/mes nos centros privados e/o concertados. Será por conta das persoas beneficiarias facer fronte á diferenza que exista entre a axuda concedida e o prezo do servizo. Este importe poderá incrementarse ata 98 €/mes nos seguintes casos:

- A proposta do persoal técnico dos servizos sociais municipais mediante informe que así o xustifique.
- No caso de persoas beneficiarias tuteladas por unha institución pública, que se achen en réxime de acollemento familiar ou menores que formen parte dun programa de inclusión e transición á vida autónoma da rede municipal de acollida.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes.

O prazo para presentar as solicitudes empezará o día seguinte ao día da publicación da convocatoria no Boletín oficial da provincia da Coruña e finalizará o 8 de maio de 2024.

Sexto. Outros datos.

Compatibilidade con outras axudas.

Esta bolsa é incompatible con calquera outra axuda de institucións públicas ou privadas para a mesma finalidade salvo coa concedida polo Ministerio de Educación para os menores con necesidades educativas especiais.

Forma de pago.

O pago da subvención realizarase directamente á entidade que presta o servizo de comedor escolar no centro en que a persoa beneficiaria áchase matriculado, por expresa delegación do pago efectuada con solicitude da axuda para o pago do comedor escolar. O pago delegado ao provedor do servizo en ningún caso supón a existencia dunha relación contractual nin cambio algún na identidade da persoa beneficiaria e obrigada ao cumprimento desta convocatoria.

A Coruña

10/4/2024

A concelleira delegada responsable da Área de Benestar Social, Eudoxia María Neira Fernández

2024/2447